

**REUNIÓN XERENCIA E XUNTA PAS**  
**REGULACIÓN PROCEDEMENTO DE COBERTURA TEMPORAL DE POSTOS**  
**MEDIANTE COMISIÓNS DE SERVIZO**  
**ACTA Nº1**

**ASISTENTES**

**UNIVERSIDADE DE VIGO**

**Xerenta:**

Raquel María Souto García

**Vicexerente de Recursos Humanos:**

José González Groba

**Xefe de Servizo de PAS**

José Fernández Viña

**Redacción da acta:**

María Isabel Fernández Uría

**XUNTA PAS**

Xan M. Cebro Rodríguez (CIG, presidente)

María José Ríos Santomé (CIG)

José Antonio Gándara Pérez (CIG)

María Moreira Sendón (UGT)

Teresita Aboal Somoza (UGT)

Mónica Méndez López (UGT)

José Manuel Sónora Abeijón (UGT)

Os membros da Xunta PAS reuníronse coa Xerencia ás 10:00 horas, do 3 de decembro de 2020, na Sala 20 do Campus Remoto, coa seguinte ORDE DO DÍA:

1. Proposta de acordo para a regulación do procedemento de cobertura de postos mediante comisión de servizos.
2. Rolda de intervencións.

1. **Proposta de acordo para a regulación do procedemento de cobertura de postos mediante comisión de servizos.**

A Xerenta comeza a reunión dicindo que logo de varias solicitudes por parte da Xunta de Persoal para regular o procedemento das comisións de servizo, a xerencia achega unha proposta onde se recolle o que se leva facendo dende o ano 2003 ademais da maior parte das peticións que a Xunta PAS fixo ao respecto. Como novidades destaca que se regulan as causas polas que se pode renunciar a unha comisión de servizos e tamén se regula a posibilidade de que o persoal que estea nunha comisión de servizos nun nivel inferior, poida optar a un posto superior antes de cubri-lo con persoal interino.



Página 1 | 4



Formúlase tamén esta mesma posibilidade por temas de conciliación ou cambio de campus ou quenda.

O presidente da Xunta de Persoal di se achegou unha contraproposta á xerencia, e aínda que non figura como tal, quere engadir que propoñen que no caso de que unha persoa renuncie a penalización sexa de 6 meses non de un ano tal e como figura na proposta de xerencia. No documento achegado engaden un punto 2 ao apartado sexto debido ás características da Área da Biblioteca. Engaden tamén nas áreas funcionais un punto 5 cunha nova área “Equipo de Goberno, Xerencia , Consello Social e Tribunal de Garantías”. Entenden que nas comisións de servizos, os postos acadados mediante concurso de méritos teñen que ter distinto tratamento que os postos acadados por libre designación. Non significa non dar unha comisión de servizos aos postos acadados por libre designación senón que a orde de preferencia non sexa a mesma.


Na prelación para adxudicar a praza ofertada en comisión de servizo, establecéronse na orde de preferencia, as áreas funcionais que valoran a experiencia profesional das e dos funcionarios que concorreron aos últimos concursos de méritos do persoal funcionario de administración e servizos.

O anterior criterio, de traballo desenvolvido, foi aplicado nas bases dos concursos de méritos do PAS Funcionario. Nos concursos específicos de postos de libre designación, non foron valorados nin o traballo desenvolvido na área, nin o nivel, nin o grao, asignáronse as prazas de xeito discrecional pola vicerreitoría/órgano convocante. O concurso de méritos é a regra xeral de proveer os postos de traballo na administración pública, mentres que a libre designación é a excepción.

Polo tanto, a proposta da Xunta de Persoal recolle na orde de prelación as áreas e a orde de preferencia, que é o que se reflicte nos concursos de méritos, porque entendemos que á parte de transparencia, búscase un mérito cuantificable á hora de acadar a praza en comisión e créase unha área específica porque sería inxusto para as e os compañeiros que entrasen en igualdade de condicións á hora de competir nunha praza por comisión de servizos incluíndoos nunha área de prelación que non lle foi valorada á hora de acadar a praza que ocupa.

O órgano de representación do PAS Funcionario, polas características propias destes postos: excepcionalidade na cobertura a través da discrecionalidade na adxudicación, a non valoración de méritos cuantificables no concurso, non sería partidario de ofertar ningunha comisión de servizos ao persoal que ocupa estes postos de libre designación, pero tendo en conta a voluntariedade das comisións de servizo, e que poden ofertarse prazas vacantes de RPT con nivel superior, propoñemos a posibilidade de ofertarllas sempre e cando renuncien a libre designación ou dirección de área polas seguintes motivacións:

- A libre designación ten que desenvolverse en réxime de dedicación absoluta e exclusiva, sendo incompatible co desenvolvemento, por se ou mediante substitución.
- O posto de libre designación foi acadado de xeito discrecional, polo tanto a persoa que o ocupa benefíciase notablemente cara un futuro concurso.





Adxudicarlle unha comisión de servizos mantendo ao mesmo tempo a praza discrecional de libre designación, co que iso significa de beneficio engadido con respecto ao resto de PAS funcionario: consolidación de grao, traballo desenvolvido para próximos concursos,... por un posto dado de xeito discrecional que xa non se está desempeñando, sería manter situacións anómalas e inxustas no cadro funcional.

- Non existe ningunha administración pública onde se manteña a situación de simultaneidade de dous postos de traballo, a nivel de mantemento dos dereitos laborais para un concurso, dunha libre designación cunha comisión de servizos noutra praza.

Tamén mostran o seu desacordo con que un posto en libre designación estea a desenvolver unha dirección de área, polo que entenden que de ser o caso deberían cesar da libre designación por inxusto.

A Xerenta responde que teñen que estudar a proposta recibida pola Xunta de PAS xa que acaban de recibila esa mesma mañá.

Teresita Aboal pregunta sobre a posibilidade de que se conceda cambio de campus e quenda ao mesmo tempo porque esta situación afecta á biblioteca. Pide que se deixe claro no documento xa que ata ese momento só se pode dar unha das dúas situacións, ou cambio de quenda ou cambio de campus.

A xerenta responde que non ve problema no plantexado e pide que envíen á xerencia unha proposta de redacción. Entende que efectivamente debe ter preferencia sobre un interino, un funcionario que veña doutro campus que solicite cambio de quenda. No que se refire á proposta achegada pola Xunta de PAS quere estudala e logo achegaráselles de novo o documento para o seu acordo.

O presidente da Xunta PAS considera que o documento achegado está moi claro. No caso de haber unha vacante ofrécese primeiro ao campus e logo por cambio de quenda ou campus pódese pedir unha comisión de servizos a un mesmo nivel ou inferior ou incluso pedir outra comisión.

Teresita Aboal di que non está claro o punto 7 xa que que tal e como está redactado parece que é decisión da xerencia se se convoca ou non ese concurso e considera que se debe aclarar moi ben como se vai aplicar ese punto aos niveis 26 e 28 ademais de que queren saber porque se inclúe o nivel 26.

O Vicexerente de RRHH responde que se inclúe o nivel 26 polo nivel de responsabilidade e explica que o punto 7 é unha situación excepcional. A regra xeral é que eses postos se cubrirán polos criterios establecidos no acordo e só cando non sexa posible se recorrerá ao punto 7 tendo a xerencia neste caso, a prerrogativa de elixir se procede ou non.

A Xerenta engade que se é problema de redacción podería redactarse doutro xeito, deixando claro que sempre se vai aplicar a regra xeral establecida.

Teresita Aboal di que efectivamente é iso o que piden, unha redacción máis clara.

María Moreira quere preguntar tamén polo punto 7 do acordo, xa que semella que fai unha diferenciación ata o nivel 25, e logo do nivel 26 en adiante. Sen embargo no punto 1 parece que se inclúen todos.

Aínda que a iniciación do procedemento está clara, hai unha diferenciación entre a regulación ata os niveis 25 e a partir do nivel 26. En canto aos 25 hai unha frase que di a xerencia por razóns de eficiencia e eficacia poida tomar a iniciativa directamente, introducindo así un elemento de arbitrariedade.

O vicexerente de RRHH lembra que a decisión sobre a concesión dunha comisión de servizos sempre vai recaer na xerencia e así se establece no punto 3 da proposta.

A xerenta responde que se vai facer unha redacción máis clara para que quede ben explicado que é para todos. En todo caso, con respecto aos niveis 26 ou 28, aplicarase a regra xeral sen prexuízo de que por razóns de eficacia a Xerencia poida decidir a posta en marcha dun concurso motivado polas responsabilidades que asumen estes postos. En calquera caso, esta cuestión queda pendente de estudo.


María Moreira mostra o seu desacordo e considera que, en todo caso, a excepcionalidade só debería aplicarse aos postos de nivel 28 e non tamén aos 26, xa que aínda que son postos de responsabilidade teñen un xefe por riba. En canto á proposta presentada pola Xunta PAS quere deixar claro que UGT non está de acordo con que nas comisións de servizo as libres designacións vaian aparte do resto de postos de concurso.

O Vicexerente responde que non todos os niveis 26 teñen responsables por riba.

A xerenta engade que aínda que as libre designacións e os concursos son dúas formas de provisión igualmente válidas, si se ocupa un posto de libre designación e se acepta un posto en comisión entende que hai que renunciar á libre designación, porque non se pode seguir consolidando nivel dun posto que non se está ocupando. Por último di que se tentará facer unha redacción o máis axeitada posible ao exposto na presente reunión e que se enviará á Xunta de Pas para que a valoren e no caso en que estean de acordo asinarase o acordo.

E sen máis asuntos que tratar remata a sesión ás 12:20h

A Xerenta



Raquel M. Souto García

O Presidente Xunta PAS F



Xoán M. Cebro Rodríguez